



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Maio 2016

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2016

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade do sector servizos. Maio 2016


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un aumento do 10,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,3%.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 12,8% e os Outros servizos o 5,2%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 1,9% e en España un 2,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de maio agás Asturias, onde se mantén. Galicia é a comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a cuarta comunidade co menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un crecemento do 10,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, un punto máis que no mes de abril. O índice para España amosa un aumento do 4,3% respecto ao mes de maio de 2015, 0,9 puntos inferior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese ao *Comercio*, que aumenta o 12,8% e achega 9,5 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 5,2% e achegan 1,3 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 4,3%, inferior en 8,5 puntos á taxa galega; os *Outros servizos* tamén aumentan o 4,3%, 0,9 puntos menos que en Galicia.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 19,4% e achega 8,9 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 11,2% e achega 0,6 puntos á taxa de variación do índice xeral.

A nivel nacional, tamén é o *Comercio por xunto* o que máis repercute no incremento do índice xeral, 1,7 puntos, cun crecemento da súa cifra de negocios do 4,6%; a *Venta e reparación de vehículos de motor* achega 1,1 puntos á taxa de variación do índice xeral, cun incremento do 16,7%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 5,2%. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son as que máis repercuten no crecemento do índice xeral, catro décimas, cun crecemento do 12,1%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 4,3%. As *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, cun aumento do 5,0% son as que máis repercuten no índice xeral, catro décimas; os outros sectores repercuten tres décimas cada un.

No que vai de ano, a cifra de negocios aumenta un 9,4% en Galicia, grazas principalmente ao *Comercio por xunto*, que cun aumento do 15,9% achega 7,5 puntos á taxa de variación acumulada. Soamente as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen a súa cifra de negocios, -3,1%.

En España, nos cinco primeiros meses do ano, a cifra de negocios aumenta o 4,2%, 5,2 puntos menos que en Galicia. Todos os sectores amosan taxas acumuladas positivas; a *Venta e reparación de vehículos de motor* e o *Comercio por xunto* son os sectores con mais repercuten neste crecemento.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 7,0% no mes de maio. Este incremento débese principalmente ao *Comercio* que aumenta o 11,5% e achega 4,3 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos*, cun crecemento do 4,4%, achegan 2,8 puntos á taxa de variación do índice xeral. Todos os sectores de actividade incrementan a súa cifra de negocios no mes de maio.


Nos cinco primeiros meses do ano, o índice xeral creceu un 6,1%, sendo o *Comercio*, cun incremento do 10,7% o que máis repercute neste crecemento, 4,2 puntos. Pola contra, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen o 3,2% e restan 0,3 puntos á taxa xeral.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 8,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 5,3%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de maio en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios, agás en Asturias, onde se mantén. Os maiores aumentos danse en Galicia (10,8%) e Illes Balears (10,6%). As comunidades coas taxas mais baixas son Asturias (0,0%) e Castilla y León (1,1%).

Nos cinco primeiros meses do ano, tamén Galicia (9,4%) e Illes Balears (8,8%) son as comunidades con maiores incrementos. Os menores crecementos rexístranse en Castilla y León e Asturias (ambas as dúas 1,1%).

Índices de cifra de negocios. Maio 2016


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,9% respecto ao mes de maio de 2015, 0,4 puntos menos que en España (2,3%).



O persoal ocupado aumenta un 1,4% no *Comercio* e un 2,4% nos *Outros servizos*. A *Hostalería* (3,9%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,6%) son os sectores que máis repercuten no crecemento do emprego, seis décimas cada un. A *Venta e reparación de vehículos* é o único sector onde diminúe a ocupación, -0,1%.

En España, tamén son a *Hostalería* (3,0%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliarse* (3,5%) as que máis repercuten no crecemento do emprego, cinco décimas cada unha.

No acumulado do ano, o emprego crece en Galicia o 1,9% fronte ao 2,3% en España. Todos os sectores incrementan a ocupación nos cinco primeiros meses do ano. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son o sector con maior crecemento tanto en Galicia (5,1%) como en España (3,7%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de maio. Os maiores incrementos danse en Illes Balears (3,8%), Aragón (3,4%) e Cataluña, (3,1%).

Asturias (0,3%), Andalucía (1,5%), Madrid (1,8%) e Galicia e Murcia (ambas as dúas 1,9%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

No conxunto do ano, Illes Balears (3,5%) e Aragón, Cataluña e Navarra, con taxas do 3,3%, son as comunidades con maior incremento do emprego, mentres que Asturias (0,8%) e Madrid (1,7%) rexistran os menores crecementos.

Índices de persoal ocupado. Maio 2016

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Maio 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	107,7	10,8	9,4
Comercio	109,8	12,8	11,4
Venta e reparación de vehículos de motor	94,1	11,2	14,7
Comercio por xunto	123,0	19,4	15,9
Comercio ao retalho	90,7	0,0	1,9
Outros servizos	99,4	5,2	3,3
Transporte	109,3	3,0	2,4
Hostalería	93,5	4,3	4,1
Información e comunicacións	86,3	6,1	5,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	83,6	4,8	-3,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	129,3	12,1	9,9
España			
Xeral	102,1	4,3	4,2
Comercio	101,2	4,3	3,7
Venta e reparación de vehículos de motor	111,1	16,7	13,5
Comercio por xunto	104,1	4,6	3,0
Comercio ao retalho	92,7	-0,1	1,7
Outros servizos	103,5	4,3	5,3
Transporte	112,3	2,3	2,0
Hostalería	112,2	5,2	7,0
Información e comunicacións	94,4	3,6	5,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	96,5	5,0	7,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	105,9	7,8	7,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Maio 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	101,2	7,0	6,1
Comercio	103,3	11,5	10,7
Transporte	114,0	4,1	3,4
Hostalería	94,4	4,2	4,1
Información e comunicacións	83,8	5,6	5,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	94,4	2,1	-3,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,6	8,7	7,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Maio 2016**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	102,1	4,3	4,2
Andalucía	99,7	3,0	3,4
Aragón	100,8	2,9	2,4
Asturias	90,5	0,0	1,1
Baleares, Illes	128,9	10,6	8,8
Canarias	99,5	5,8	4,9
Cantabria	96,6	6,1	5,1
Castilla y León	97,9	1,1	1,1
Castilla-La Mancha	95,2	3,7	2,3
Cataluña	104,1	4,1	3,6
Comunitat Valenciana	108,0	5,0	5,3
Extremadura	93,5	2,4	3,3
GALICIA	107,7	10,8	9,4
Madrid	98,3	3,0	3,9
Murcia	112,4	6,6	5,7
Navarra	97,8	3,7	3,6
País Vasco	104,2	6,5	5,2
Rioja, La	110,9	7,8	5,9

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Maio 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	96,8	1,9	1,9
Comercio	93,3	1,4	1,4
Venta e reparación de vehículos de motor	84,2	-0,1	-0,1
Comercio por xunto	90,0	3,1	2,8
Comercio ao retalho	97,1	0,7	1,0
Outros servizos	99,7	2,4	2,3
Transporte	96,4	0,0	0,5
Hostalería	95,9	3,9	2,1
Información e comunicacións	87,0	1,6	2,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	99,6	0,7	1,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	111,7	4,6	5,1
España			
Xeral	100,7	2,3	2,3
Comercio	98,0	2,0	2,1
Venta e reparación de vehículos de motor	90,5	2,2	2,2
Comercio por xunto	101,1	2,6	3,0
Comercio ao retalho	97,5	1,5	1,6
Outros servizos	102,5	2,4	2,5
Transporte	97,8	1,6	1,8
Hostalería	106,5	3,0	2,8
Información e comunicacións	97,1	1,3	1,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,1	1,8	1,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	107,6	3,5	3,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Maio 2016**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	100,7	2,3	2,3
Andalucía	100,5	1,5	1,8
Aragón	97,6	3,4	3,3
Asturias	93,3	0,3	0,8
Baleares, Illes	118,6	3,8	3,5
Canarias	102,0	2,9	3,1
Cantabria	99,2	2,2	2,0
Castilla y León	96,3	2,0	1,8
Castilla-La Mancha	99,1	2,1	1,9
Cataluña	104,0	3,1	3,3
Comunitat Valenciana	99,7	2,1	2,2
Extremadura	100,9	2,5	2,1
GALICIA	96,8	1,9	1,9
Madrid	97,9	1,8	1,7
Murcia	106,7	1,9	2,4
Navarra	103,0	2,9	3,3
País Vasco	102,4	2,1	2,1
Rioja, La	103,9	2,7	3,0

Fonte: INE